



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 31 de maio de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

**3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE EXPOSICIÓN DUN BELÉN MONUMENTAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2018-2019. EXPTE. 5279/106.**

Dáse conta da proposta asinada con data 28/05/18, pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**10.- Propostas de clasificación**

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada e admitida, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2<sup>a</sup> TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA	78,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/06/2018 13:34	Páxina 1 de 2
	Expediente 5279/106	CSV: 2DED5A-A1348A-A63122-6WQCT2-RX2YWJ-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 970,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/06/2018 13:34

Páxina 2 de 2

Expediente 5279/106

CSV: 2DED5A-A1348A-A63122-6WQCT2-RX2YWJ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>